

***Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fai pública a convocatoria do programa LECTURA E FAMILIAS, integrado no Plan LÍA 2021-2025 de Bibliotecas Escolares, dentro das iniciativas para promover a lectura e un uso responsable da información entre os distintos sectores da comunidade escolar nos centros de titularidade da consellería de Cultura, Educación e Universidade integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares que imparten ensinanzas de infantil, primaria, educación especial, secundaria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, para o curso 2021/2022.***

Segundo o recollido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (artigo 2º.2), os poderes públicos deben prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que se nomean o fomento da lectura e o uso das bibliotecas.

As bibliotecas escolares configuradas como centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe van evolucionando e adaptándose ás novas necesidades educativas e sociais, ampliando as súas posibilidades e deseñándose como centros creativos de aprendizaxe, integrados na vida da institución educativa, que apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e facilitan ao alumnado as aprendizaxes dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias clave e de hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.

A biblioteca escolar ten como principal misión a de exercer de mediadora da lectura no centro, proporcionando recursos, servizos e oportunidades para o desenvolvemento de competencia lectora para todo tipo de textos, soportes e finalidades, así como de hábitos de lectura no conxunto da comunidade escolar. O equipo de biblioteca, xunto co resto do profesorado procura deseñar, a tal efecto, experiencias de lectura variadas e plurais, acordes ás formas de comunicación actuais e ás necesidades de alumnado, profesorado e familias.

Por outra banda, a biblioteca escolar pode actuar como axente de compensación social, cando ofrece á comunidade un acceso igualitario á información, a educación e a cultura. Neste sentido, a apertura das bibliotecas fóra do horario escolar resulta de gran valor para a comunidade educativa na medida en que proporciona un espazo de encontro que favorece a vivencia dun lecer enriquecedor e complementa a oferta educativa e cultural do medio máis próximo.

Nos últimos anos, as bibliotecas escolares máis activas realizaron importantes avances na implicación das familias na educación lectora dos máis pequenos, organizando actividades para familias na biblioteca, preparando espazos de lectura específicos para pais e nais, creando seccións destinadas ás familias na colección ou implicando os propios pais e nais en actividades de lectura e de buscas de información, entre outras. Porén, os estudos estatísticos (nomeadamente o *Estudo sobre as bibliotecas escolares do Consello Escolar de Galicia* de 2015) amosaban un certo descoñecemento por parte das familias dos beneficios e das oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para a formación dos seus fillos e fillas, polo que cómpre traballar neste ámbito e, por outra parte, está demostrado na práctica cotiá que a implicación das familias favorece a consecución dos obxectivos en materia de lectura, polo efecto motivador que a súa implicación ten para os máis pequenos.



O Plan LÍA 2021-2025 de bibliotecas escolares incide nesta liña co desenvolvemento de novos ámbitos de actuación para este período centrados en reforzar o deseño de máis e mellores experiencias de lectura destinadas a todos os integrantes da comunidade escolar, e fomentar así a implicación das familias na formación das novas lectoras e dos novos lectores. Trátase de promover desde a biblioteca escolar capacidades e actitudes relacionadas coa lectura e a comprensión lectora, o pracer da lectura e a lectura por pracer, así como a lectura para aprender e para informarse, con implicación de toda a comunidade educativa, e facilitar a disposición, comunicación e difusión de textos de ficción e de información en múltiples formatos e soportes, que permitan ao alumnado o desenvolvemento da competencia lectora e escritora ademais da súa educación literaria.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura dispón:

### **1. Obxecto e destinatarios**

- a) A presente convocatoria ten por obxecto estimular o deseño e desenvolvemento de iniciativas que favorezan a participación das familias en actividades da biblioteca escolar, destinadas ao conxunto da comunidade educativa ou especificamente pensadas para a formación e a participación destas familias en experiencias de lectura e, tamén, de traballo coa información e medios de comunicación, coa finalidade de que poidan, á súa vez, intervir con mellores recursos e eficacia na formación dos seus fillos e fillas como persoas lectoras e cidadás usuarias de información. Estas actuacións realizaranse ao longo do curso 2021/2022.
- b) Poderán presentar solicitude aqueles centros non universitarios de titularidade da consellería de Cultura, Educación e Universidade, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, que inclúan un programa de “Lectura e familias” na programación de actividades da biblioteca escolar.

### **2. Dotación orzamentaria**

Seleccionarase un máximo de 50 centros, que recibirán unha asignación destinada á posta en marcha das actividades previstas no seu proxecto, por un importe global máximo de 125.000 euros, con cargo á aplicación 10.31.423A.640.5, correspondente ao orzamento da consellería para o ano 2021.

Os centros seleccionados recibirán unha contía máxima de 2.500 € que se destinará á adquisición de materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas así como para a realización de obradoiros de formación, ciclos de conferencias ou outras experiencias deseñadas e vinculadas ao obxecto desta convocatoria.

### **3. Solicitude de participación**

Cada centro educativo poderá presentar unha solicitude de participación (Anexo I de solicitude). Anexarase unha descrición da iniciativa prevista (cun máximo de 3 páxinas en tipografía Times New Roman 12) que deberá incluír, cando menos, os seguintes apartados:

- a) Introducción / Xustificación
- b) Obxectivos do programa
- c) Antecedentes, se os houbese
- d) Descrición das actuacións previstas
- e) Modos de difusión para favorecer a participación
- f) Calendario de desenvolvemento





g) Coordinación

h) Función e presenza da Biblioteca Escolar no desenvolvemento do programa

As solicitudes (modelo do anexo I e documentación complementaria) deberán achegarse a través da persoa responsable da dirección do centro, no enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=lecturafamilias2122/solicitud>

O prazo límite para a presentación de solicitudes será o **10 de decembro de 2021**.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá requirir do centro solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios. Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante á citada dirección xeral.

#### 4. Criterios de selección

Para a selección dos proxectos valoraranse as memorias presentadas cun máximo de 10 puntos tendo en conta os seguintes aspectos:

- Orixinalidade e valor intrínseco da proposta en liña co exposto como obxecto desta convocatoria (3 puntos).
- Iniciativas destinadas ao fomento da lectura en galego entre a comunidade escolar (1 punto).
- Propostas para que as familias desenvolvan recursos en materia de uso da información e medios de comunicación que inflúan favorablemente na formación de seus fillos (1 punto).
- Propostas destinadas á formación das familias en materia de lectura (2 puntos).
- Presenza e importancia da Biblioteca Escolar no desenvolvemento das iniciativas previstas (1 puntos).
- Grao de participación e impacto previsible no conxunto da comunidade educativa do proxecto presentado (2 puntos).

#### 5. Comisión de valoración e selección

A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:

- A Subdirectora Xeral de Centros.
- O xefe do Servizo de Xestión de Apoio Económico e Axudas ao Estudo.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

Esta comisión, unha vez revisados os proxectos presentados, elaborará unha proposta de centros seleccionados indicando as cantidades asignadas. Á vista desta proposta da comisión, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolverá a convocatoria. A resolución publicarase no Portal Educativo, con comunicación a todos os centros participantes.

#### 6. Memoria final

Os centros seleccionados nesta convocatoria elaborarán unha breve memoria das actividades levadas a cabo durante o curso 2021/2022, na que se deberán detallar:

- a) Grao de consecución dos obxectivos previstos no proxecto inicial.
- b) Breve descrición das actividades desenvolvidas.
- c) Valoración de participación e grao de satisfacción das persoas participantes, con detalle dos instrumentos empregados para recoller esta valoración.
- d) Relación de temas tratados e propostas realizadas polos participantes de cara a





futuras experiencias.

- e) Recursos da biblioteca empregados para o desenvolvemento do proxecto.
- f) Valoración da experiencia e da súa incidencia nas actitudes do alumnado fronte ás aprendizaxes implicadas.
- g) Materiais elaborados polo equipo de biblioteca ao longo do proxecto, se os houbese.

É requisito imprescindible o envío desta memoria a esta Dirección Xeral de Centros e RRHH, xunto coa xustificación de gasto correspondente, segundo o anexo II, con data límite do **10 de xullo de 2022**. O envío realizarase a través dun espazo web habilitado a tal efecto e dispoñible no seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=lecturafamilias2122/memoria>

Poderán ser causas de revogación total ou parcial das cantidades asignadas, a non entrega da memoria final, así como a falta de xustificación económica (ou a xustificación incompleta), debendo proceder o centro ao reintegro das cantidades que procedan, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.

## 7. Seguimento e avaliación

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos levará a cabo o pertinente seguimento e a avaliación destas actividades de implicación das familias en iniciativas de fomento da lectura e habilidades no uso e tratamento da información, e difundirá a través do portal educativo, das actividades formativas e doutros medios ao seu dispor aquelas experiencias que merezan darse a coñecer pola calidade e repercusión das súas propostas.

## 8. Informacións básicas sobre protección de datos de carácter persoal

- I. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
- II. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
- III. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
- IV. No caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

*Jesús Manuel Álvarez Bértolo*



**ANEXO I**

<b>ACTUACIÓN</b> <b>ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA EN CENTROS PÚBLICOS DE</b> <b>TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E</b> <b>UNIVERSIDADE</b> <b>LECTURA E FAMILIAS 2021/2022</b>	<b>DOCUMENTO</b>  <b>SOLICITUDE</b>
---	---

**DATOS DO SOLICITANTE**

Nome do Centro		Código	Nº de alumnos/as
Enderezo			
Concello	C.P.	Tfno.	e-mail
<b>Persoa responsable / coordinadora da biblioteca.</b> <b>Nome e apelidos:</b> <b>e-mail:</b>			
Don/Dona ....., como director/a do centro, solicita a participación na convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se promove a actividade de LECTURA E FAMILIAS como actividade de fomento da lectura para o curso 2021/2022, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares.			
As contías asignadas, no caso de que o proxecto que se presenta resulte seleccionado, <u>dedicaranse integramente a costear os recursos necesarios para o funcionamento da iniciativa <i>Lectura e familias</i></u> (o que deberá quedar reflectido na memoria correspondente), así como á súa difusión entre os distintos membros da comunidade escolar.			
En ..... a ..... de ..... de 2021			
Asdo.: .....			

**Documentación que se acompaña**

Proxecto das actuacións previstas (máximo 3 páxinas), no que se faga constar:

- 
- Introducción/Xustificación
  - Obxectivos do programa
  - Antecedentes, se os houberse.
  - Descrición das actuacións previstas.
  - Modos de difusión para favorecer a participación.
  - Calendario de desenvolvemento.
  - Coordinación
  - Función e presenza da Biblioteca Escolar no desenvolvemento do programa

**SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**  
**SAN CAETANO, s/nº, bloque 2, 2º - 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**


**ANEXO II**

<i>DOTACIÓN PARA ACTIVIDADES DO CLUB DE LECTURA, ao abeiro da convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fai pública a convocatoria do programa LECTURA E FAMILIAS; integrado no Plan LÍA 2021-2025 de Bibliotecas Escolares, dentro das iniciativas para promover a lectura e un uso responsable da información entre os distintos sectores da comunidade escolar nos centros de titularidade da consellería de Cultura, Educación e Universidade integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares que imparten ensinanzas de infantil, primaria, educación especial, secundaria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, para o curso 2021/2022.</i>	<b>XUSTIFICACIÓN DO GASTO</b>
--	-----------------------------------

<b>Nome do centro</b>		<b>Código do centro</b>	
<b>Enderezo</b>		<b>Localidade</b>	
<b>Código Postal</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>Teléfono</b>

**A. INGRESOS**

<b>Cantidade total asignada .....</b> <i>A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: o desenvolvemento da convocatoria de Lectura e familias como estratexia para o fomento da lectura na comunidade escolar durante o curso 2021/2022. Remítirase copia simple de facturas. Os orixinais correspondentes arquivaranse no centro.</i>	
--	--

**B. GASTOS**

Relación de facturas		
Nº da factura	Provedor	Importe
<b>TOTAL GASTO</b>		

Don/Dona ....., en calidade de presidente/a do Consello Escolar do Centro, <b>CERTIFICA:</b> Que as facturas que se detallan corresponden a gastos necesarios para o desenvolvemento da actividade de fomento da lectura levada a cabo no centro, denominada <b>Lectura e familias</b> , e que se detallan na memoria perceptiva. En _____ a ____ de _____ de 2022  <div style="text-align: right;">O/A Presidente/a do Consello Escolar</div> <div style="text-align: right; margin-top: 20px;">Asdo.: _____</div>	
---	--

